

NOTA INFORMATIVA

Comunícolle a vostede, en relación a subvención da que foi beneficiario, que segundo as bases e convocatoria para a concesión de axudas económicas aos negocios do concello de Ponteareas afectados pola declaración do estado de alarma, polo Covid 19 (BOPPO nº. 83 de 4 de maio de 2020):

O prazo de xustificación da subvención remata o 15 de decembro do 2020.

Documentación a presentar:

Segundo artigo 9. Xustificación das axudas

No prazo máximo de 6 meses despois do levantamento do estado de alarma, as persoas beneficiarias da subvención terán que presentar por rexistro, copia e orixinal que será devolto posteriormente á súa comprobación, da seguinte documentación:

a) Informe actualizado sobre a vida laboral do solicitante emitido pola Seguridade Social onde quede acreditado que o negocio estaba dado de alta na data da declaración do estado de alarma, é dicir, o 14 de marzo e que estivo mantendo a súa actividade durante os 4 meses posteriores ao levantamento da declaración de estado de alarma.

b) No seu caso, acreditación do número de traballadores da empresa e que os mesmos continúan contratados durante os 4 meses posteriores ao levantamento da declaración do estado de alarma que permita a apertura da actividade. Para isto aportará a relación nominal de traballadores.

A non presentación dos documentos para xustificar as actuacións dará lugar, a perda do dereito de dita axuda e ao reintegro do 100% da mesma.

Segundo artigo 11. Reintegro da subvención

O reembolso total ou parcial da subvención será acordado polo órgano outorgante da mesma, respondendo sempre ao principio de proporcionalidade, e atendendo ás seguintes circunstancias:

a) Non mantemento da actividade e número de persoas contratadas na súa actividade durante os catro meses posteriores á presentación da declaración do estado de alarma que lle permita a apertura da súa actividade.

- b) Incumprimento da obriga de xustificar.
- c) Resistencia, obstrución ou negativa ás actuacións de control financeiro.
- d) Falsidade nos datos facilitados para acollerse á solicitude de axuda.

Artigo 12. Comprobación e control financeiro

As actuacións subvencionadas poden estar suxeitas a verificación e control financeiro en calquera fase da súa execución por parte do Concello. A persoa ou entidade beneficiaria debe facilitar o acceso ao lugar da acción e aportar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio destas actuacións. O control financeiro terá como obxectivo verificar a correcta obtención dos fondos, o cumprimento das obrigas na aplicación dos fondos recibidos e a correcta xustificación da subvención.

Artigo 13. Responsabilidade e réxime sancionador

En todo caso, estarase ao disposto con carácter xeral polo Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Calquer aclaración ou dubida, chamar o teléfono 986 66 1050, en horario de 9.00 a 14.00 horas.

Concello de Ponteareas., a 26 de outubro de 2020.